

Informe de execución



Santiago de Compostela, outubro de 2013

O presente informe de execución abrangue as actividades desenvolvidas dentro do proxecto de investigación da documentación sobre a fortaleza da Rocha Forte de Santiago de Compostela e a súa contorna máis inmediata, contratado no seu momento polo Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

O plan de traballo establecido marcou unha investigación a desenvolver en paralelo en tres vías:

- Revisión da bibliografía concreta e de contexto que fose de interese
- Consulta da documentación arquivística inédita
- Identificación de fondos de interese nas coleccións menos exploradas

Aínda que é costume no método histórico acometer as dúas primeiras vías citadas de forma consecutiva, a necesidade de optimizar o traballo de arquivo recomendou acometelas de xeito paralelo. Por fortuna, a experiencia do equipo de investigación no manexo tanto das fontes como da bibliografía compostelá permitiu acelerar o proceso de toma de contacto co tema e de identificación das súas principais variables.

Este feito permitiu acometer o traballo en tres fases sucesivas que conformarían círculos concéntricos de coñecemento arredor do obxecto de estudo: primeiro o material xa coñecido ou inédito directamente relacionado co castelo, en segundo lugar explorar vías informativas nun espectro e territorio máis amplo e, finalmente, revisar aquelas fontes documentais de carácter máis xeral nas que aleatoriamente podería atoparse algunha información de relevancia.

Na primeira fase, rematada en maio, o obxectivo era identificar e estudar as fontes informativas primordiais e os datos básicos, aqueles que establecerían os fundamentos da investigación en canto a fondos arquivísticos a explorar, liñas de traballo a afondar,...; na segunda, foise un paso máis aló abordando a bibliografía secundaria e os repositorios e series documentais sinalados como relevantes, a revisión sistemática deses fondos así como a identificación das ferramentas (documentais, gráficas ou bibliográficas) que puideran axudar a dar luz a aqueles aspectos que tras a primeira aproximación parecían máis complexos á hora de estudar a historia do castelo e a súa contorna inmediata.

A respecto do plan de traballo proposto na contratación, foi necesaria nesta altura da investigación reformular a calendarización pois era imprescindible reducir ao máximo o impacto do *impass* vacacional dos arquivos no ritmo e resultados dos traballos. Con este obxectivo, procedeuse a poñer énfase no traballo de arquivo centrando o esforzo naqueles series e fondos que non están dixitalizados e son, xa que logo, os máis directamente afectados polos tempos de verán.

A meta, conseguida, era deixar para os meses de agosto e setembro únicamente aqueles repositorios documentais que non dependeran do horario do arquivo. Foi necesario un importante esforzo de planificación e de investigación arquivística pero o certo é foron revisadas e estudadas as series e fondos previstas, acadándose así ao remate desa fase un conxunto documental case completo.

Quedou para a terceira e última fase da investigación aproximadamente un 10% da masa documental e todo o esforzo relacionado coa síntese e interpretación dos datos. A día de hoxe está xa rematado seguindo o programa proposto e mesmo foi posible volver sobre algúns materiais e series xa vistas para seguir liñas de investigación que foron agromando ao longo do proxecto.

A revisión bibliográfica

Así acometeuse unha revisión da bibliografía co foco posto en aqueles datos directos e de contexto que atinxen ao proxecto, moi especialmente os relacionados con sucesos implicados na historia do castelo como os mandatos de Xoán Arias, Berenguel de Landoira e Afonso de Fonseca II, ou con feitos que poden axudar a entender os datos e a buscar novas ferramentas como o proceso de configuración do poder territorial dos arcebispos, o establecemento e evolución da xurisdición compostelá e os seus xiros, etc.

Xunto á bibliografía interpretativa levouse a cabo o estudo da documentación arquivística que xa está publicada. O conxunto documental susceptible de conter información relevante é ambiguo a estes efectos por canto que aínda sendo Santiago unha cidade cun legado documental riquísimo, a porcentaxe del que está publicada é comparativamente

escasa. E aínda hai que ter en conta que os azares da conservación e da publicación fan que resulte, ao cabo, un tanto contradictorio: os depósitos máis ricos son os menos publicados ou os que se nos presentan con ferramentas mais deficientes.

Neste caso, o feito de que o esforzo se proxecte sobre un elemento de primeira magnitude como é o castelo arcebispal da Rocha Forte facilita moito a busca por canto o acervo documental dispoñible e publicado é ben xeneroso e diversificado aínda que existen pezas de singular relevancia que tiveron que ser consultadas directamente no arquivo, como foi o caso do III Tombo de Tenzas ou o Tombo C do arquivo catedralicio.

O proceso seguido foi o da lectura da documentación e o rexistro daquelas noticias que resultaran de interese. Foron, polo xeral, noticias dispersas tanto na súa cronoloxía como contido que pouco a pouco foron tomando forma.

Non obstante, agromaron algúns conxuntos informativos moi relevantes dos que ademais de tomar o apunte concreto co dato de interese se procedeu a elaborar un pequeno informe do contido ou a dixitalización de páxinas, co obxecto de dispoñibilizar para o conxunto do equipo que traballa arredor do castelo da Rocha a globalidade da información transmitida pola fonte. Eses materiais están recollidos nun informe independente e as dixitalizacións no conxunto de anexos.

Este é o caso de obras de inmediata referencia para o estudo da Rocha Forte como son os *Hechos* de D. Berenguel de Landoira, o monumental proceso xudicial entre os arcebispos Tavera e Fonseca, a Crónica de Iria, ou os recontos dos ingresos da mesa arcebispal recollidos no chamado Tombo Vermello de D. Lope de Mendoza ou nos libros de recadación de Fonseca II¹.

Con estes materiais e os tomados dos diferentes ensaios e coleccións documentais compostelás pode afirmarse que a recompilación de noticias coñecidas sobre o castelo está completo, poden reconstruírse os eixos básicos da súa cronoloxía, os procesos que experimentou e aqueles outros que sucedendo a seu arredor puideron proxectarse sobre el.

Fíxose así mesmo unha pequena exploración na busca de novas fontes documentais

1 V. nos anexos o conxunto de obras e as correspondentes notas.

-publicadas- que permitiran achegar máis noticias sobre o momento de construción do castelo, usos, etc., a partir de coleccións arquivísticas non compostelás. Aínda que rebordaba os obxectivos da investigación e o plan de traballo proposto, pareceu interesante comprobar, aínda que fose dun xeito un tanto aleatorio, si os fondos documentais doutras catedrais ou dos mosteiros mais relevantes de Galicia poderían proporcionarnos datas, usos do castelo, casteleiros, etc. Lamentablemente, boa parte deste legado non está publicado, o que dificulta considerablemente o traballo.

Con todo, a aparición nunha das coleccións documentais das dioceses galegas de escritos dados na Rocha, fai pensar que -cando o volume de textos accesibles sexa maior- sería posible establecer fitos máis fiables a partir tanto da documentación galega como da procedente das dioceses sufragáneas da compostelá, sobre todo para os séculos XIV e XV.

A bibliografía consultada e citada ao longo do presente informe suma un total de 156 referencias, que son:

Acuña Castroviejo, Fernando. «A arqueoloxía na obra de López Ferreiro». *Cuadernos de Estudios Gallegos* 32, nº 96-97 (1981): 57-80.

Alvarado Blanco, Segundo. *Puentes históricos de Galicia*. Santiago de Compostela: Colegio Oficial de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos; Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 1990.

Aponte, Vasco. *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1986.

Artaza Montero, M.M. «La Junta del Reino y las carreteras de Galicia (1775-1834)». *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses* XXII, nº 22 (1986): 243-251.

Barbosa Ayúcar, José Antonio. «El puente de la Rocha en Santiago de Compostela: ampliación de dos a cuatro carriles de circulación del puente existente en el Km 67 de la CN-550 de La Coruña a Santiago y Tuy». *Informes de la construcción* 47, nº 438 (xullo-agosto 1995): 41-47.

Barral Iglesias, Alejandro. *Santa María La Real de Conxo*. A Coruña: Diputación Provincial, 1992.

Barreiro Mallón, Baudilio, e Ofelia Rey Castelao. *Pobres, peregrinos y enfermos: La red asistencial gallega en el antiguo régimen*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1999.

Bouza Álvarez, E. «Orígenes de la notaría. Notarios en Santiago de 1100 a 1400». *Compostellanum* 59 (1960): 576-586.

Bugallal y Vela, Jaime. «Origen, armas y linaje de los La Rocha o Díaz de La Rocha, en Galicia». *Hidalguía*, 1990.

Cabana Outeiro, Alexandra. *Santiago de Compostela do século XIV ó XV, o Tombo H da Catedral de Santiago: edición e estudio histórico*. Santiago de Compostela, Universidade, 2003.

Cal Pardo, Enrique. *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo*. Santiago, 1999.

- — —. *Tumbos de la Catedral de Mondoñedo. transcripción íntegra de sus documentos: Tomos I y II*. Lugo: Deputación Provincial, Servicio de Publicaciones, 2006.
- Carmona Badía, Xán. *A Compostela industrial: historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 2003.
- Casal, Raquel, Fernando Acuña, Lorena Vidal, Álvaro Rodríguez, e Cristobal Nodar. «La fortaleza de “la Rocha Forte” (Santiago de Compostela): Trabajos arqueológicos 2002-2003». *Gallaecia* 23 (2004): 195-2004.
- Casal García, Raquel. «La Fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2004». *Gallaecia* 24 (2005): 193-218.
- — —. «Fortaleza medieval de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2005». *Gallaecia* 25 (2006): 147-172.
- Casal García, Raquel, e Fernando Acuña Castroviejo. *La Arqueología de la fortaleza medieval de Rocha Forte (Santiago de Compostela)*. Disponible en <http://193.144.75.244/troia/articulos/articulo3.pdf> (última consulta 2-5-2013).
- Casal, Raquel, Fernando Acuña, José Ramón Martínez e Guillermo Santamaría. «V Campaña de intervención no castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela). Novas preliminares da actuación no ano 2006». *Gallaecia* 26 (2007): 163-184.
- Casal García, Raquel, Fernando Acuña Castroviejo e Goretti González Vila. «O castelo gótico da Rocha Forte, Santiago de Compostela». En *Os Capítulos da Irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV: Catedral de Lugo, capela do Pilar, Sala municipal Uxío Novoneyra, Lugo, 4 agosto-28 outubro, 2006*, 430-437. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006.
- Casal García, Raquel. «La arqueología de la fortaleza medieval de Rocha Forte (Santiago de Compostela)». En: *Encuentro Compostelano de Arqueología Medieval (1^o. 2006. Santiago de Compostela)*. Del documento escrito a la evidencia material: actas del I Encuentro Compostelano de Arqueología Medieval (Santiago de Compostela, 22, 23 y 24 de marzo de 2006. Lostrego, Santiago de Compostela, 2007.
- Casal García, Raquel, Fernando Acuña Castroviejo e Álvaro Rodríguez Resino. «A evolución arquitectónica dun castelo baixomedieval: o caso da Rocha Forte (Santiago de Compostela)». *Gallaecia* 28 (2009): 199-212.
- Casares, A. *Observaciones analíticas sobre las aguas de las fuentes de Santiago*. Santiago: Est. Tipográfico de la viuda de Compañel e hijos, 1847.
- Castro, Manuel de. «Santa Clara, de Santiago, origen y vicisitudes». *Boletín de la Real Academia Gallega* 32 e 33, nº 259/360 (1980 de 1977): 207-231; 373-472.
- Catálogo archivístico del monasterio de benedictinas de San Payo de Ante-Altars, Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1996.
- Catálogo de manuscritos da Biblioteca Xeral*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1998.
- Catedral de Ourense. *Documentos da Catedral de Ourense*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Histórico, 1996.
- Catedral de Santiago de Compostela. *Catálogo de manuscritos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003.

- Chamoso Lamas, Manuel. *Escultura funeraria en Galicia: Orense, Pontevedra, Lugo, La Coruña, Santiago de Compostela*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, 1979.
- Colección de documentos históricos*. Coruña: Lit. e imp. Roel; Boletín de la Real Academia Gallega, 1915.
- Colección diplomática Galicia histórica*. Santiago de Compostela: Tip. Galaica, 1901.
- Compostela: memoria fotográfica*. Santiago de Compostela: Ara Solis, 1996.
- Cooper, Edward. *Castillos señoriales de Castilla siglo XV y XVI*. Fundación Universitaria Española, s. f.
- — —. *Castillos Señoriales en la Corona de Castilla*. Universidad de Salamanca, 1991.
- Couselo Bouzas, José. *Galicia Artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Ed. facs. Collectanea Scientifica Compostelana 18. Santiago de Compostela: Instituto Teológico Compostelano, 2005.
- Cromberger, Juan. *Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia*. Madrid: [s.n.], 1846.
- Disponible en <http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/consulta/registro.cmd?id=4419> (última consulta 1-10-2013)
- Díaz y Díaz, Manuel Cecilio, e outros. *Hechos de Don Berenguel de Landoria, Arzobispo de Santiago*. Santiago: Universidad, Secretariado de Publicaciones, 1983.
- Eiras Roel, Antonio. *Santiago de Compostela, 1752: Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria: Tabapress, 1990.
- Fernández Cortizo, Camilo. «Aldeas y caserías a tiro de mano de piedra: los asentamientos rurales en el arzobispado de Santiago (siglos XVI-XVIII)». *Espacio, tiempo y forma, serie IV Historia Moderna* 7 (1994): 211-225.
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio. *El tumbillo de San Bieito do Campo (Santiago)*. Granada: Universidad, 1995.
- — —. «Documentación monástica en el "Tumbo C" de la catedral de Santiago». *Historia, instituciones, documentos* nº 16 (1989): 233-254.
- Ferreira Priegue, Elisa María. *Los caminos medievales de Galicia*. Orense: Museo Arqueológico Provincial, 1988.
- Filgueira Valverde, Xosé. *Fray Sebastián Malvar: el Arzobispo de la carretera y el Real Plantío*. Folletos conmemorativos del 12 de octubre 18. Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra, 1973.
- Folgar de la Calle, María del Carmen. *Arquitectura gallega del siglo XVIII: Los Sarela*. Santiago: Servicio de Publicaciones de la Universidad, 1985.
- Fraga Díez, Guillermo Federico Carlos. «Referencias a las armas utilizadas en las luchas nobiliarias gallegas en el siglo XV». *Gladius Especial*, nº 0 (2008): 103-105.
- Framiñán Santás, Ana. «Intervención monárquica en los señoríos gallegos a través del nombramiento de corregidores mayores del reino de Galicia (1404-1476)». En *Estudos em homenagem ao Professor Doutor José Marques*, 1:177-194. Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 2006.
- Franco Silva, Alfonso. «El arzobispo de Sevilla, Alonso de Fonseca el Viejo. Notas sobre su vida». *Boletín de la Real Academia de la Historia* CXVI, Caderno I (1999): 42-92.
- Galbán Malagón, Carlos. «Arquitectura militar y aspectos constructivos de las fortalezas bajomedievales. Origen, función, contexto y evolución de las fortalezas de Altamira, Vimianzo y Cira.» Tese de doutoramento. Universitat de Barcelona, 2011. Disponible en:

[http://academia.edu/1005931/Arquitectura militar y aspectos constructivos de las fortalezas bajomedievales](http://academia.edu/1005931/Arquitectura_militar_y_aspectos_constructivos_de_las_fortalezas_bajomedievales). *Origen funcion contexto y evolucion de las fortalezas de Altamira Vimianzo y Cira* (última visita 1-10-2013)

— — —. «Mejor tú que yo. La Guerra Interseñorial: batallas, asaltos y tomas de fortificaciones en la Galicia del siglo XV». *Ex novo: revista d'història i humanitats* nº 7 (2011): 157-159.

— — —. «¿Sueñan las piedras con fortalezas medievales? La heterodoxia disciplinar en el estudio de las fortalezas de la Terra de Santiago». *Estrat crític: revista d'arqueologia* 5, nº 2 (27 de junio de 2012): 86-98.

Galicia histórica: revista bimestral.

García Oro, José, e María José Portela Silva. «Los Mariño de Lobeira en la Galicia del Renacimiento. Fortuna y desgracia de un señorío seglar del área compostelana». *Estudios Mindonienses* 19 (2003): 13-257.

— — —. «Osorios, Bolaños, Pardos y Ribadeneiras: las casas nobles lucenses, camino de la Modernidad». *Anuario brigantino* 25 (2002): 151-180.

Gil Cañellas, Juan. *Las Bellezas de Galicia: segundo album de la Colección «España Turística y Monumental»*. Oviedo: Juan Canellas, 193?.

González Balasch, María Teresa. *Tumbo B de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudios Galegos: Cabildo de la S.A.M.I. Catedral, 2004.

González Davila, Gil. *Teatro eclesiastico de las iglesias metropolitanas, y catedrales de los reynos de las dos Castillas. Vidas de sus arzobispos, y obispos, y cosas memorables de sus sedes. Al muy catolico, ... rey don Felipe quarto, ... Dedicasele su coronista ... El maestro Gil Gonçalez Dauila, tomo primero, que contiene las iglesias de Santiago, Siguença, Iaen, Murcia, Leon, Cuenca, Segouia, y Valladolid*. Madrid: Imprenta de Francisco Martínez, 1645.

González Muñoz, Carmen. *Galicia en 1571: Población y economía. Respuestas del reino al interrogatorio de Felipe II para el reparto de moriscos granadinos*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1982.

González Vázquez, Marta. *El Arzobispo de Santiago, una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*. Sada: Ed. do Castro, 1996.

González Vila, Goretti. «Achádegos numismáticos na fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela)». *Gallaecia* 25 (2006): 227-257.

Goy Diz, A. *A actividade artística en Santiago (1600-1648)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998.

Hoyo, Jerónimo. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago: Porto y Cía eds., 1950?

Iglesias Estepa, Raquel. *Las quiebras del orden cotidiano comportamientos criminales en la sociedad gallega de fines del Antiguo régimen*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004.

Isla, José Francisco de, e María Francisca de Isla y Losada. *Cartas familiares del P. Joseph Francisco de Isla escritas a su hermana Doña María Francisca de Isla y Losada y a su cuñado D. Nicolás de Ayala*. en la Imprenta del Consejo de Indias, 1785.

Itinerario descriptivo militar de Espana. Formado y publicado por el deposito de la guerra, con los datos recogidos sobre el campo, por el cuerpo de estado mayor del exercito. Vol. VII: Galicia. Rivadeneyra, 1866.

Laffi, Domenico. *Viaje a poniente*. Santiago de Compostela: Sildavia, 1991.

- Leirós Fernández, Eladio. «Don Enrique IV y el arzobispo de Santiago de Compostela». *Boletín de la Real Academia Gallega* XXVII, nº 309-320 (1956): 183-236.
- Lema Negrillo, Juan José. *Concello de Conxo (1836-1925): unha historia esquecida*. Santiago de Compostela: Asociación Amigos de Conxo, 2009.
- López Alsina, Fernando. «De Asseconia a Compostela, pervivencia de estructuras viarias antiguas en la Alta Edad Media». *Compostellanum*, 31, nº 3-4 (1986): 307-314.
- — —. *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Ayuntamiento, 1988.
- — —. «Parroquias y diócesis: el Obispado de Santiago de Compostela». En *Del Cantábrico al Duero: trece estudios sobre la organización social del espacio en los siglos VIII al XIII*, editado por J.A. García de Cortazar. Santander: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cantabria, 1999.
- López Díaz, María. *Señorío y municipalidad: concurrencia y conflicto de poderes en la ciudad de Santiago (siglos XVI-XVII)*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago de Compostela, 1997.
- López Ferreiro, Antonio, A. D. *Rodrigo de Luna*. Santiago: Imprenta de Jose M. Paredes, 1884.
- — —. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar, 1898.
- — —. *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Santiago: Ed. Compostela, 1968.
- — —. *Fueros municipales de Santiago y su tierra*. Madrid: Ed. Castilla, 1975.
- — —. «“Liber Tenencie de Horro” o Memorial de la hacienda, rentas, pensiones de la antigua Tenencia del Hórreo, escrita en el año 1437 por el canónigo Gonzalo Vázquez de Mandayo». *Compostellanum* 12, nº 2 (1967): 217-331.
- — —. *Apuntes históricos sobre Santiago: obra dispersa y olvidada, 1868-1903*. Santiago de Compostela: Alvarellos: Consorcio de Santiago, 2010.
- López Gómez, Pedro. «La reconstrucción del archivo de la Real Intendencia de Galicia y de su Juzgado de Correos y Caminos: un proyecto de investigación». *Boletín auriense* nº 38 (2008): 235-272.
- López, Roberto José. «Las entradas públicas de los arzobispos compostelanos en la Edad Moderna». En *Homenaje a José García Oro*, 193-209. Santiago: Universidade, 2002.
- López, Santiago. *Nueva guía de caminos para ir desde Madrid á todas las Ciudades y Villas más principales de España y Portugal y tambien para ir de unas Ciudades á otras*. s.n., 1812.
- López Taboada, Xosé Antonio. «Introducción á Memoria sobre o estado e servicio das obraspúblicas na provincia da Coruña a finais do ano 1862 polo inxenheiro xefe don Ca[e]ledonio de Uribe» En *Xornadas de Historia de Galicia (12^a. 2000. Ourense)*. *Perspectivas sobre a historia de Galicia*, 137-189. Deputación Provincial de Ourense. Ourense, 2003.
- Lucas Álvarez, Manuel. *El archivo del monasterio de San Martiño de Fora o Pinarío de Santiago de Compostela*. Sada-Coruña: Ediciós do Castro/Moret s.l, 1999.
- — —. *San Paio de Antealtares, Soandres y Toques: tres monasterios medievales gallegos*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 2001.
- — —. *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Santiago: Seminario de Estudos Galegos: Cabildo de la S.A.M.I.

- Catedral, 1998.
- Madoz, P. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Vol. 16 vols. Madrid: Imprenta del Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de D. Pascual Madoz, 1848.
- Manso Porto, Carmen. «El código medieval de Santo Domingo de Santiago». *Archivo Dominicano* nº 3 (1982): 117-164; nº 4 (1983): 75-129; nº 5 (1984): 43-90; nº 6 (1985): 23-55; nº 7 (1986): 59-76.
- — —. *El Arte de la orden de Santo Domingo en la Galicia Medieval*. Madrid: Universidad Complutense, Departamento de Historia del Arte Medieval I, 1991.
- Martínez Casal, R. «A Cerámica medieval da fortaleza de A Rocha Forte. Contribución ao seu estudo». *Gallaecia* 25 (2006): 187-225.
- Meijide Pardo, Antonio. *La invasión inglesa de Galicia en 1719*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1970.
- Memoria sobre la necesidad de construir las carreteras provinciales de Santiago a Orense y de Santiago a Lugo, en el antiguo Reino de Galicia*. Madrid: Imprenta de H. Martinez, 1850. Disponible en http://iacobus.usc.es/record=b1117051~S1*gag
- Nárdiz Ortiz, Carlos. *El Territorio y los caminos en Galicia: planos históricos de la red viaria*. Santiago de Compostela: Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos; Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo, 1992.
- — —. *Cartografía histórica de los Caminos de Santiago en la provincia de A Coruña*. A Coruña: Deputacion Provincial de A Coruña, 1999.
- — —. «La recuperación de las vías históricas en Galicia». *Ingeniería y Territorio* 69 (2004): 78-87.
- — —. *La construcción de los bordes de las carreteras en Galicia: la ordenación y el proyecto de las villas carretera en la provincia de A Coruña*. A Coruña: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2008.
- Olivera Serrano, C. *El ocaso de las fortalezas compostelanas. Visitas y tasaciones (1535-1547)*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, 2000.
- «Origen y vicisitudes del antiguo monasterio de Santa María de Conjo». *Galicia diplomática* T. 1, nº 2 (16 xull. 1882): 11-12; T. 1, nº 5 (6 ag. 1882): 39-40; T. 1, nº 6 (13 ag. 1882): 43-44; T. 1, nº 8 (27 ag. 1882): 58-60; T. 1, nº 46 (20 maio 1883): 340-343; T. 1, nº 48 (3 xun. 1883): 350-353; Ano 4, nº 7 (17 feb. 1889): 49-50.
- Ortega Romero, Socorro. «Los puentes en la ciudad de Santiago y su entorno, en el siglo XVIII». En *Los Caminos y el Arte: Actas: VI Congreso Español de Historia del Arte: CEHA: Santiago de Compostela, 16-20 de Junio de 1986*, 2: 81-94. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade, 1989.
- Osuna Rey, Juan Manuel. *Los franceses en Galicia: historia militar de la guerra de independencia en Galicia (1809)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006.
- Otero Pedrayo, Ramón. *Guía de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1980.
- Pallares Méndez, María del Carmen, Francisco J. Pérez Rodríguez, Marta González e Beatriz Vaquero. «La Tierra de Santiago, espacio de poder (siglos XII y XIII)». En *Poder y sociedad en la Galicia medieval*, editado por Reyna Pastor de Togneri, 133-174. Santiago de Compostela: Tórculo Eds., 1992.
- Pallares Méndez, María del Carmen e Ermelindo Portela Silva. «Compostela y la revuelta de los

- “irmandiños”». En *UNIVERSITAS: homenaje a Antonio Eiras Roel*, editado por C Fernández Cortizo, D.L. González Lopo, e E. Martínez Rodríguez, I: 89-110. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2002.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo José. *Los señores de Galicia: tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000.
- — —. «Un relato contemporáneo da batalla de Cacheiras e da entrada do xeneral Concha en Santiago (1846)». *Murguía, Revista Galega de Historia* 9 (2006): 17-23.
- Peña Santos, Antonio de la. «Notas para una revisión de los grabados rupestres de ‘O Castriño’ en Conxo». *Museo de Pontevedra* 35 (1979): 71-100.
- Pérez Constanti, Pablo. *Notas viejas Galicianas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.
- Pérez Costanti, Pablo. *Linajes Galicianos*. Santiago de Compostela: Ara Solis; Consorcio de Santiago, 1998.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier. *El Dominio del cabildo catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (siglos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 1994.
- — —. *La Iglesia de Santiago de Compostela en la Edad Media, el cabildo catedralicio (1100-1400)*. Santiago: Xunta de Galicia, 1996.
- — —. «Santiago, espacio de poder, la Tierra de Santiago y su evolución (siglos XI-XIV)». En *El Camino de Santiago, estudios sobre peregrinación y sociedad*, 33-76. Madrid: Fundación de Investigaciones Marxistas, 2000.
- — —. *Mosteiros de Galicia na Idade Media: (séculos XII-XV): guía histórica*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2008.
- Portela Silva, Ermelindo, María del Carmen Pallares Méndez, e Xosé M. Sánchez. *Rocha Forte. El Castillo y su historia*. Santiago: Xunta de Galicia, 2004.
- Portela Silva, María José. *Colección diplomática de la Catedral de Lugo: siglos XIV y XV*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1992. Tese de doutoramento.
- Rasilla, Marco de la, e Alfredo E. González. *Comisión de Antigüedades de la Real Academia de la Historia: Asturias, Galicia: catálogo e índices*. Real Academia de la Historia, 2000.
- Rey Souto, Javier A. «O fenómeno urbano compostelán. Arrendamentos e espacio social na segunda metade do s. XVI». En *Historia nova III: contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, 83-98. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, 1995.
- Rodríguez González, Angel. «La Ciudad de Santiago en 1542». *Cuadernos de Estudios Gallegos* 22, nº 77 (1970): 271-280.
- — —. «Camino en la antigua provincia de Santiago durante el año 1787». *Cuadernos de Estudios Gallegos* 31 (1978): 383-422.
- — —. «Documentación medieval del archivo histórico diocesano de Santiago: Libro de feudos de diferentes bienes, feligresías, cotos y jurisdicciones». *Compostellanum* XXXVII, nº 3-4 (1992): 373-462.
- — —. e Pilar Rodríguez Suárez. *Libro do concello de Santiago: 1416-1422*. Santiago de Compostela: Consello da cultura galega, 1992.
- — —. *O Tumbo Vermello de Don Lope de Mendoza*. Santiago: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento,

- 1995.
- — —. *Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños: pleito Tabera-Fonseca*. 2 vols. La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1984.
- Rodríguez Núñez, Clara C. «El Monasterio de las Dominicas de Belvís de Santiago de Compostela». *Estudios mindonienses* nº 5 (1990).
- — —. «La Colección documental de Santa Clara de Santiago (1196 a1500)». *Liceo Franciscano* 136-138 (1993).
- Rodríguez Resino, Álvaro. «Comunidades rurales, poderes locales y señorío episcopal en la tierra de Santiago de los siglos V a XI: una visión desde el registro arqueológico». *Munibe (Antropología-Arkeología)* 59 (2008): 219-245.
- Rui Vázquez. *Crónica de Santa María de Iria*. Editado por José Antonio Souto Cabo. Sada: Cabido da S.A.M.I. Catedral: Seminario de Estudos Galegos; Edición do Castro, 2001.
- Sánchez Sánchez, Xosé M. «Recuento de las fuentes medievales del archivo de la Catedral de Santiago de Compostela». *Compostellanum: revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela* 51, nº 3 (2006): 313-324.
- — —. «La Fortaleza de Rocha Forte: un castillo concéntrico en las corrientes constructivas europeas del siglo XIV». *Compostellanum* 52, nº 3-4 (2007): 603-632.
- — —. «La intervención del poder pontificio en la revuelta de 1318-1320 en territorio compostelano. Juan XXII y Berenguel de Landoira». *Territorio, Sociedad y Poder* nº 3 (2008): 195-208.
- — —. *A colección López Ferreiro do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008.
- — —. «Don Álvaro Sánchez de Ávila, tenente de Rocha Forte, o la nobleza gallega bajomedieval en la transición hacia la modernidad». *Cuadernos de Estudios Gallegos* 57, nº 123 (2010): 91-193.
- — —. «El arzobispado de Don Gonzalo de Aguilar en Santiago de Compostela (1348-1351)». *Anuario de Estudios Medievales* 40, nº 1 (2010): 61-74.
- — —. «El legado histórico de la catedral compostelana: episcopologios medievales de la iglesia de Santiago y notas históricas de los siglos IX-XV». *Semata: ciencias sociais e humanidades* (2010): 177-194.
- — —. «El arzobispado de Don Gonzalo de Aguilar en Santiago de Compostela (1348-1351)». *Anuario de estudios medievales* nº 40 (2010): 61-74.
- Sande e Lago, Fernando de, *Compendio de Albeyteria sacado de diversos autores*. En la Imprenta de Joseph González, vive en la Calle de la Encomienda, 1729.
- Sarmiento, Martín. *Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento: (1754-1755)*. Santiago de Compostela: Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1950.
- — —. *Viaje a Galicia: 1745*. Universidad de Salamanca, 1975.
- — —. *Escritos geográficos*. Santiago: Xunta de Galicia; Consellería de Cultura, 1996.
- Sobrino Lorenzo-Ruza, Ramón. «El Petroglifo de Oca en Ames (Coruña)». *Boletín de la Real Academia Gallega* 25, nº 294-296 (s. f.): 260-296.
- Suárez, Manuel, e J. Campelo. *Historia Compostelana o sea Hechos de D. Diego Gelmírez primer arzobispo de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto, 1950.
- Suárez Otero, José. «A fortaleza do señor da terra de Santiago». En *Os Capítulos da Irmandade: peregrinación e*

- conflicto social na Galicia do século XV: Catedral de Lugo, capela do Pilar, Sala municipal Uxío Novoneyra, Lugo, 4 agosto-28 outubro, 2006*, 262-270. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006.
- — —. «Aproximación á colección arqueolóxica da Universidade de Santiago». En *Gallaecia Fulget : (1495-1995) : cinco séculos de historia universitaria*, 476-479. Santiago de Compostela: Universidade, 1995.
- Taín Guzmán, Miguel. *Los Arquitectos y la contratación de obra arquitectónica en la Galicia barroca (1650-1700)*. Sada, A Coruña: Ediciós do Castro, 1997.
- — —. «Planos de tenencias del cabildo de la catedral de Santiago dibujados por sus arquitectos (siglos XVIII y XIX)». *Semata: Ciencias sociais e humanidades* 9 (1997): 472-503.
- Un Curioso. «El Castillo de la Rocha.» *Galicia: revista universal de este Reino*, 1865.
- Valera, Diego. «Memorial de diversas hazañas». En *Crónicas de los Reyes de Castilla*, editado por Cayetano Rosell. Vol. III. Biblioteca de Autores Españoles. Madrid: M. Rivadeneira, 1878.
- Vázquez Bertomeu, Mercedes. *La institución notarial y el cabildo compostelano (1460-1481)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago, 1996.
- — —. «El Arzobispo Don Alonso II de Fonseca, notas para su estudio». *Cuadernos de Estudios Gallegos* 47, nº 112 (2000): 87-131.
- — —. *Notarios, notarías y clientes en Santiago y su Tierra en el siglo XV*. Sada: Ed. do Castro, 2001.
- — —. «El archivo de Alonso de Fonseca III, arzobispo de Santiago». *Estudios Mindonienses* 17 (2001): 525-573.
- — —. *La hacienda arzobispal compostelana: libros de recaudación (1481-1491)*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento», 2002.
- — —. *A Igrexa de Santiago contra 1500*. Santiago: Lóstrego, 2003.
- Vicenti, Alfredo. «A orillas del Ulla: perfiles gallegos». En *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1984.
- Vigo Trasancos, Alfredo. «Camino de Iria Flavia, de la vía romana del itinerario antonino al real plantío del arzobispo Malvar (1784-1795)». *Extramundi y los papeles de Iria Flavia* 18 (1999): 51-86.
- — —, Jose A. Sánchez García, e Miguel Taín Guzmán. *Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo Galicia en los Siglos XVI y XVII*. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos; Universidade de Santiago, 2003.
- Vigo Trasancos, Alfredo, Jesús Angel Sánchez García, Miguel Taín Guzmán, Irene Calvo Mosquera, Jorge Gómez Iparraguirre, Irene Mera Álvarez, Marta García Filgueira, Francisco Xabier Novo Sánchez, Carlos Pena Buján, e José M. Yáñez Rodríguez. *Galicia y el siglo XVIII: planos y dibujos de arquitectura y urbanismo (1701-1800)*. A Coruña: Fundación Barrié, 2011.
- Xusto Martín, María Xosé, e Manuel Lucas Álvarez. *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1991.

A este conxunto hai que engadir os resultados das buscas nas bibliotecas dixitais de referencia, sendo de especial interese a biblioteca virtual galega *Galiciana*, onde se

consultou non so a prensa antiga senón tamén edicións dixitais dalgunhas das obras citadas. Algunhas pezas de interese foron identificadas tamén nos fondos dixitais da Biblioteca Nacional de España.

A investigación arquivística

Esta liña de traballo desenvolveuse en diversas fronte. Os principais repositorios arquivísticos de interese foron os arquivos composteláns, nomeadamente aqueles que custodian fondos vinculados coa igrexa, é dicir, os arquivos catedralicio, diocesano e universitario. En segundo lugar, polo volume da achega informativa estaría o arquivo do Reino de Galicia. Fixéronse asimesmo pescudas nas coleccións, repositorios e catálogos dixitais dos arquivos que *a priori* parecían de interese aínda que os resultados neste aspecto da investigación son bastante desiguais.

Os depósitos documentais revisados e estudados son:

Arquivo da catedral de Santiago (ACS)

Unha parte moi relevante da documentación deste arquivo está xa publicada, ben por A. López Ferreiro ben polos moitos estudosos que o sucederon. Con todo a atención prestada por todos eles á historia e desenvolvemento do cabido, da catedral e da Mitra deixou un pouco de lado unha das series fundamentais deste arquivo, a relativa ás tenzas, que é riquísima en canto a informacións relacionadas coa cidade e a súa contorna; outro fondo pouco explorado é o dos protocolos notarias cun volume total próximo ás 200 pezas de complicado manexo ata tempos recentes cando se implementou un catálogo detallado dos mazos. Hoxe ese catálogo e aproximadamente 2/3 do conxunto poden consultarse, ademais vía internet.

Tombo C

O núcleo duro do arquivo medieval do cabido de Santiago está constituído por uns poucos códices nos que se copiaron as escrituras de interese da institución. Os Tombos A e B, que conteñen sobre todo escritos relacionados cos dereitos fundamentais da entidade e por

aqueles dados pola Coroa e persoeiros singulares, están xa publicados.

Non sucede así co Tombo C que é o máis voluminoso dos códices capitulares e o de maior achega informativa, cun elevado número de escrituras outorgadas por moi diferentes persoas e entidades. Nos prazos deste proxecto e nas condicións de consulta actuais do códice resultaba imposible o seu estudo polo miúdo así que fíxose unha primeira revisión a partir dos índices do seu contido existentes e, xa na última fase do proxecto, deuse unha segunda volta por canto parecía posible -e así foi- que os documentos fosen copiados no códice seguindo unha lóxica territorial, de xeito que nas páxinas próximas aos items identificados poderían atoparse outras pezas de interese.

Os documentos localizados son poucos pero teñen un grande interese por canto refírense ao período anterior á construción do castelo ou, como moi tarde, son contemporáneos as obras. Reflicten adquisicións de propiedades por parte da Igrexa na contorna máis próxima ao castelo e as veces proporcionan datos xeográficos relevantes, aínda que non estea clara a súa interpretación.

Libros de constitucións 1 e 2

Estes códices que conteñen os estatutos e normas da corporación capitular compostelá. Son de singular relevancia nesta investigación por canto neles se atopa unha das referencias mais antigas ao castelo da Rocha Forte, pero tamén porque unha parte relevante dos seus escritos foron outorgados ou confirmados polos arcebispos.

Tombos de Tenzas 1, 2 e 3

Os dous primeiros libros foron elaborados no século XIV e son un relato íntegro dos bens pertencentes á mesa capitular elaborados en 1352. Son en realidade dúas copias case idénticas dun mesmo contido. Da súa revisión puido saberse que o cabido dispón de bens no territorio de referencia que se administran a través das tenzas chamadas de D. Pedro Abril, Biduído, xuíz D. Paio, Xoán Palla, D. Xoán Ladrón, dos matíns e Grande.

O terceiro é un recompilatorio feito arredor de 1464 e recolle datos procedentes dun

volume anterior, tamén do século XV, que non se conserva. A súa información é extremadamente detallada e actualiza os datos fornecidos polos códices anteriores; pola súa cronoloxía é tamén moi útil para avaliar o impacto da guerra do arcebispo D. Rodrigo co conde de Trastámara na contorna compostelá.

Fondo casas e tenzas

A inmensidade deste fondo documental, as características da administración capitular e a amplitude territorial da investigación fan que a exploración deste fondo non se poda acometer dun xeito sistemático. O método de aproximación empregado tivo como punto de partida as tenzas identificadas nos Tombo recompilerios; foron os seus mazos os que se revisaron. Neste caso, as expectativas víronse completamente defraudadas xa que a riqueza informativa dos códices medievais non ten un equivalente nos mazos e apenas apareceron noticias de interese, malia ao abultado número de caixas inspeccionadas (os mazos 9, 36, 37, 39, 42, 56, 74, 93, 94, 125, 129, 132, 133, 156 e 158).

Outros fondos

Máis alá das Tenzas e os grandes códices arquivísticos, este arquivo ten outras series que mereceron unha pequena exploración pois eran susceptibles de conter referencias aos territorios e persoas relacionadas coa nosa investigación.

Foi revisada a colección de visitas pastorais, algunhas carpetas de documentos soltos e os instrumentos relacionados coa execución do testamento e espolio dos bens do arcebispo Rajoy (íntimamente vinculado á renovación do camiño Santiago-Pontevedra): do Inventario Xeral, os IG 275, 276, 277 (visitas pastorais) e 184 (Espolio do arcebispo Malvar); as carpetas de documentos soltos 16, 19 e 20; tamén algunhas anotacións feitas por López Ferreiro sobre os lugares de referencia. Especial interese tiveron os Libros de Facenda da Confraría da Concepción onde se atoparon algúns contratos medievais.

Fondo de protocolos notariais

Como xa se dixo, o arquivo catedralicio custodia arredor de 200 mazos de protocolos

notariais por canto dous dos notarios públicos da cidade estaban adscritos á institución capitular. O seu arco cronolóxico é amplo pois as escrituras abranguen autos outorgados desde finais do século XV ata ben entrado o XVIII.

O catálogo informatizado que existe na actualidade permite navegar con certa facilidade por ese mar de escritos e mesmo acceder aproximadamente á versión dixital de 2/3 do fondo. Aquelas escrituras non dixitalizadas pero que *a priori* foron consideradas de relevancia foron consultadas a partir do manuscrito orixinal.

As escrituras atopadas teñen que ver, na maioría dos casos, coa administración das propiedades que diversas institucións dispoñen na contorna do castelo e no perímetro de estudo.

Foron atopadas escrituras de interese nos mazos: 9, 10, 11, 12, 15, 17, 19, 20, 23, 25, 27, 34, 35, 37, 40, 41, 42, 43, 45, 48, 51, 57, 59, 60, 61, 67, 68, 69, 70, 73, 75, 82, 83, 84, 85, 89, 91, 92, 95, 98, 99, 102, 106, 107, 120, 121, 122, 123, 134, 135, 139, 142, 142, 144, 146, 151, 154, 161, 163, 167, 173, 175, 183, 191, 192.

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS)

Este arquivo posúe un dos fondos mais relevantes nesta investigación por canto custodia o que noutro tempo foi o arquivo administrativo da Mitra compostelá. O paso do tempo danou gravemente ao conxunto documental pero isto non obsta para que a súa riqueza sexa sobresaínte.

Fondo Xeral

Seguindo o plan de traballo proposto, foron revisados inicialmente os mazos 44, 45, 48, 56 e 501 do Fondo Xeral. Destes, o 45 e o 501 están xa parcialmente publicados pero se procedeu a comprobar que non quedaba fóra ningún dato de interese. O 44 contén unha relación completa dos bens e rendas da Mitra feito en 1775 e sería o máis tardío e completo

dos que poderían atoparse no arquivo arcebispal; con todo, resultou un tanto pobre en datos, por canto só se atoparon algúns datos referidos á freguesía de Laraño e unha pequena descrición da chamada “granxa” dos Chouchiños. No 56, relativo tamén ás rendas e bens da mesa arcebispal recolléronse datos de interese que nos permiten ter unha mellor idea da contorna do castelo no século XVI aínda que pouco achega sobre como foi substituído (ou por que) no seu papel de punto de recadación de rendas agrarias e mercantís. A documentación desta época permite un mellor achegamento ao detalle dos casares e rendas que son do arcebispo do que se resulta un mellor coñecemento das poboacións e paisaxe que rodea ao castelo.

Unhas interesantísimas visitas á fortaleza da Rocha durante o século XVII foron atopadas no mazo 48. Son descricións breves pero moi fiables do estado das ruínas nese tempo; delas se deduce que, sen dúbida, o castelo foi derrubado ata os seus alicerces no tempo do arcebispo Fonseca II.

Na segunda fase da investigación quedou practicamente rematado o traballo neste arquivo. Foron revisadas distintas series, principalmente do Fondo Xeral. Os resultados son bastante contraditorios por canto xunto a mazos *a priori* de moito interese pero que ao cabo eran inútiles foron localizadas pezas de gran relevancia como as xa mencionadas visitas ás ruínas e sitio do castelo da Rocha Forte feitas xa en tempos modernos.

No último tramo do traballo, levouse a cabo unha revisión en profundidade de tres mazos ben coñecidos polos investigadores por canto foron publicados ou estudados na súa práctica totalidade. Foron o Mazo 21 e 22, que conteñen escrituras da segunda metade do século XV, sobre todo cartas reais, e resultan fundamentais para coñecer os pormenores do cerco do castelo da Rocha entre 1458 e 1460.

Tamén se procedeu a unha lectura aleatoria do Mazo 47 que contén os autos do proceso xudicial dirimido entre os arcebispos Tavera e Fonseca sobre os danos nas fortalezas arcebispais. Este mazo, coñecido como o “Preito Tavera-Fonseca” foi publicado por A. Rodríguez González hai anos e se conservan del dous exemplares, o orixinal -que non pode consultarse- e unha copia auténtica algo posterior. O obxectivo era comprobar a

integridade da mencionada edición por canto hai nela, como claramente fixo constar o editor, pasaxes suprimidas. Cotexáronse co documento unha selección de declaracións, escollidas pola súa riqueza informativa ou pola condición da persoa que declara, e o resultado foi que aínda que, efectivamente o editor prescindiu de fragmentos completos de texto, ningunha destas ausencias afecta a contidos de interese. É unha transcripción correcta e completa, da que se eliminaron pasaxes repetitivas relacionadas coa escrituración ou fases procesais e na que se resumiron parágrafos que pouco achegan á información que as testemuñas dan (datos e xuramentos dos declarantes, por exemplo).

En conxunto, nas outras caixas revisadas, foron localizados así mesmo, algúns materiais que proporcionan información de contexto como son visitas pastorais ou instrumentos relacionados co funcionamento da xurisdición do Xiro da Rocha en tempos modernos.

Os mazos consultados son, do Fondo Xeral: Serie Xurisdicional 21 e 22, 93, 100, 127, 180, 302; Serie Visitas 1262, 1263, 1264, 1265, 1268, 1270, 1126, 1127, 1128; Serie Varia 1126, 1127; Serie Bens e rendas 45, 46, 50, 54, 55, 56, 77; Serie Congregacións Relixiosas 349; Serie Beneficencia, 426.

Outros fondos

Este arquivo custodia series procedentes doutras entidades. Polo xeral están ben descritos e dispoñen de instrumentos que permiten un achegamento rápido ao seu contido. A revisión destes catálogos permitiu identificar algunhas pezas soltas vinculadas, xeralmente, a predios dentro da zona xeográfica de interese, maiormente procedentes dos séculos modernos.

Nas buscas realizadas nos instrumentos relativos a San Martiño Pinarío, Santa Clara de Santiago e Colexio das Orfas apenas foron atopadas pezas de interese.

Arquivo do Reino de Galicia (ARG)

Este arquivo está, sen dúbida, entre os mais ricos de Galicia. Custodia os fondos da Real Audiencia, coleccións privadas e os documentos da administración do estado en Galicia. A súa principal limitación, no caso que nos ocupa, é que apenas hai escrituras medievais por canto a Real Audiencia e outras instancias do goberno central en Galicia xurdiron nos séculos modernos; con todo a súa riqueza é incuestionable.

Coleccións cartográfica e fotográfica

O obxecto principal deste primeiro contacto cos riquísimos fondos desta entidade era a identificación de cartografía e fotografías antigas. Desgraciadamente os resultados foron máis ben pobres.

Na colección fotográfica non foi localizada ningunha peza de interese. E tampouco na cartográfica.

Delegacións territoriais

É a única serie procedente das delegacións da administración do estado en Galicia na que se atoparon datos de interese. O fondo pertencente á *Demarcación de Carreteras del Estado* arroxou mellores resultados por canto foron identificados tanto o proxecto orixinal do viaduto da Rocha -desgrazadamente sen deseños ou cartografía- así como dous planos de obras (un proxecto de tranvía e o da instalación de cable telefónico) que nos proporcionan levantamentos da zona nos anos 1911 e 1964.

A localización destas pezas resultou máis doada por ter realizado antes unha visita ao arquivo administrativo da propia *Demarcación de Carreteras del Estado* (A Coruña) onde se conserva un rexistro exhaustivo e ben descrito dos expedientes cedidos ao ARG.

Intendencia de Galicia

A Intendencia foi a encargada de ordenar e xestionar o arranxo dos principais camiños galegos no século XVIII, de aquí o interese desta serie. A complexidade -polas deficiencias

da descrición- do fondo Intendencia de Galicia fixo que a primeira revisión do seu catálogo resultase infrutuosa; unha segunda cata non arroxou mellores resultados.

Catastro de Ensenada

O ARG custodia unha copia en microfilme das entradas do Catastro de Ensenada correspondentes á provincia da Coruña; é unha copia completa que contén os Libros de Facendados que proporcionan datos persoais e territoriais non presentes no Interrogatorio Xeral (que é o que está en PARES). Lamentablemente a calidade da imaxe -deteriorado o filme polo paso do tempo- non permitiu a súa consulta. É o único lugar de Galicia onde poden consultarse os materiais correspondentes á todas as xurisdicións do reino e tamén o único repositorio onde poden consultarse os libros completos correspondentes á provincia da Coruña.

Real Audiencia

Os mazos do fondo Real Audiencia, constitúen sen dúbida un dos arquivos máis ricos do país xa que reflicten as actuacións do principal tribunal galego da Idade Moderna.

O catálogo automatizado permite navegar entre ese mar documental con certa comodidade; os resultados foron un tanto contraditorios. Por unha banda, foron revisados un bo feixe de procesos que non arroxaron ningunha noticia relevante; por outra, algunhas das pezas útiles son dunha riqueza informativa innegable: pergamiños medievais, procesos xudiciais, apeos, descricións pormenorizadas, etc. A partir de aquí é posible -xunto coa outra documentación dispoñible- reconstruír con certa fiabilidade a realidade dos núcleos de poboación máis próximos ao sitio arqueolóxico da Rocha Forte.

Foron recoñecidos os seguintes mazos: do fondo Real Audiencia 4-32, 1711-13, 2040-37, 2291-40, 3647-32, 3844-49, 4738-32, 9144-31, 15329-3, 18270-8, 19292-63, 23130-103; do fondo de Pergamiños: Plan 53, 737, 791, 851, 1092.

Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS)

Esta institución acolle documentos de moi distinta procedencia, máis alá do que cabería deducir do seu nome. Custodia, entre outros, o fondo histórico do concello de Santiago, os escritos relacionados coas entidades eclesiásticas desamortizadas, os protocolos notariais da zona sur da provincia.

Arquivo Municipal de Santiago

A documentación medieval relacionada co concello de Santiago é case irrelevante se a comparamos co total do legado patrimonial desta entidade; está toda ela publicada.

Procedeuse, xa que logo, á exploración do resto das series; a principal achega informativa deste arquivo é a referente ás infraestruturas viarias na zona da Rocha.

O legado documental municipal presenta, para un caso coma este, certas dificultades por canto os instrumentos de descrición dalgunhas das series son bastante limitados e pola circunstancia de que durante boa parte da súa historia o territorio da Rocha non formou plenamente parte do concello de Santiago. Con todo atopáronse pezas de utilidade nas series non dixitalizadas. O conxunto de actas de consistorios arroxou tamén fitos sinalados sobre todo vinculados á construción ou arranxos de camiños e pontes na zona, os acontecementos de 1719 ou a contorna do lugar de Santa Marta.

Polo seu interese, foron estudados todos os mazos relacionados coa construción do ferrocarril compostelán, comezando polo AM 1397 relativo aos antecedentes e trámites que levaron á construción da liña de ferrocarril de Santiago a Carril e que resultou de moito interese. Contén a documentación da Sociedade do Ferrocarril Compostelán que foi a que acometeu a construción da vía férrea Cornes-Carril. O escrito máis relevante é o proxecto elaborado por Thomas Rumball que detalla o trazado da vía e describe a contorna na que se construíu.

Tamén os AM 909, 910, 911, 915 e 916. Aínda que os resultados destas consultas son bastante desiguais, de aquí se obtiveron datos básicos para trazar con certa fiabilidade os camiños que saían de Santiago cara o Sur (Pontevedra/Noia), que son os que conflúen na

zona da Rocha así como a relación de camiños veciñais de Conxo en 1904 (herdeiros directos do trazado anterior á reforma e reestruturación da rede de estradas).

O AM 720 que recolle unha interesantísima descrición do estado das entradas á cidade de Santiago en 1542 apenas proporciona datos concretos da Ponte da Rocha, iso si del se deduce que esta ponte era a principal para a entrada á Compostela desde o Sur.

O *corpus* de libros de consistorios e outras series detalladamente descritas foron consultadas a través do catálogo automatizado, que ofrece datos concretos do contido dos mazos. Consonte ao resto das caixas municipais, a maior parte das achegas informativas refírense á construción ou arranxo de infraestruturas.

Foron revisados, en conxunto, os mazos: 198, 204, 207, 234, 288, 294, 314, 322, 325, 332, 604, 607, 720, 1834, 2046 así como algunhas caixas de licenzas de obra, xa máis recentes.

Fondo Clero

O fondo máis rico dos que aquí atinxen a esta investigación é o Fondo Clero, que comprende os documentos recollidos durante o proceso desamortizador que procedían de diversas entidades eclesiásticas da zona. Neste caso concreto, resultaron de especial interese as series Mitra e Conxo, das que se obtiveron apeos, arrendamentos, aforamentos, pezas xudiciais, etc., que son unha ferramenta formidable para a reconstrución do territorio e das relacións sociais e económicas que nel se suceden, se ben proceden na súa gran maioría dos séculos modernos.

Foron consultadas as seguintes caixas do Fondo Clero: 24, 25, 46, 1143 (todos da Mitra), 262 (Belvís) 280 (Bonaval), 391 (Santa Clara), 417, 418, 419, 420, 424, 430, 431, 433, 441, 445 (estes de Conxo).

Fondo Protocolos Notariais

O fondo de protocolos notariais, que se explora a partir do catálogo informatizado , permitiu fornecer ao noso conxunto documental con pezas de todo tipo procedentes sobre todo do século XVI o que, malia a proporcionarnos unha perspectiva un tanto

distorsionada polas limitacións que temos para datas posteriores, nos permite achegarnos á realidade do territorio da Rocha nun momento relativamente próximo ao derrubo do castelo e á configuración da nova realidade. O conxunto de instrumentos son principalmente aforamentos e arrendamentos que proporcionan todo tipo de datos útiles para a reconstrución do espazo (camiños, pontes, infraestruturas produtivas, etc.) pero hai tamén pezas que ilustran aspectos do cotián, da administración do territorio, etc.

A partir dos resultados das buscas no catálogo, consultáronse escrituras nas caixas: S-8, S-14, S-18, S-72, S-75, S-170, S-171, S-174, S-191, S-197, S-204, S-213, S-215, S-218, S-219, S-224, S-227, S-228, S-229, S-232, S-234, S-237, S-243, S-251, S-269, S-271, S-272, S-293, S-328, S-330, S-331, S-402, S-403, S-404, S-407, S-408, S-453, S-556, S-566, S-735, S-742, S-770, S-1633, S-4337 e S-6261;

Outros fondos

Hospital Real

O fondo do Hospital Real de Santiago, ademais de conter as escrituras relacionadas coa administración interna da entidade e coa xestión do seu patrimonio, teñen un interese máis xeral por mor da serie de libros de testamentos, que está descrita con bastante detalle no catálogo automatizado do arquivo.

Foron localizadas algunhas pezas de interese das que só finalmente 3 se concretaron en achegas informativas relevantes. Estaban nas caixas 15, 18 e 28.

Catastro de Ensenada

O AHUS é o único arquivo de Galicia que conserva copia completa dos libros do interrogatorio xeral do Catastro de Ensenada para todas as poboacións galegas. É un conxunto de microfilmes nos que tamén están os Libros de Facendados. Lamentablemente, como sucedeu no ARG, resultou imposible a súa consulta pola calidade da copia.

Fondo cartográfico

Consultouse así mesmo o catálogo do fondo cartográfico, onde se achou un plano de 1953 da zona de Conxo.

Portal de Archivos Españoles (PARES)

Este portal é a principal vía de acceso aos grandes arquivos do Estado Español e proporciona datos e ás veces dixitalizacións dos documentos neles contidos. O volume de materiais referenciados é inmenso o que en certo modo dificulta buscas de carácter xenérico.

Catastro do Marqués de Ensenada, freguesías de Conxo e Laraño.

É, sen dúbida, a fonte informativa de maior relevancia para o século XVIII e, en xeral, o seu aporte informativo é altamente interesante non tanto polo que pode achegar sobre o castelo como pola panorámica da súa contorna que nos ofrece.

Fondos fotográficos

PARES dá acceso a varias coleccións fotográficas relativas, principalmente ás administracións urbanísticas, culturais e turísticas. Non se atopou ningunha fotografía de interese.

Outros fondos

Nunha primeira mostraxe doutros fondos dixitalizados neste portal localizáronse algunhas pezas de interese relativas ao mosteiro de Conxo; son bastante tardías (Desamortización) polo que resultan de nulo interese para este proxecto.

A única peza relevante son as imáxenes relativas á fortaleza de Narla que custodia o Arquivo da Real Chancillería de Valladolid, que aínda non estando relacionadas co castelo arcebispo si resultan un interesante instrumento de contextualización.

Arquivo da Deputación Provincial da Coruña

Como promotora dunha morea de actuacións nas infraestruturas da provincia, o fondo histórico da Deputación Provincial parecía *a priori* de moito interese para documentar os cambios recentes na rede viaria do territorio obxecto de estudo.

Lamentablemente, as expectativas non se concretaron en resultados satisfactorios por canto os fondos documentais da Deputación a este respecto están bastante minguados. O fondo de interese é o de Vías e Obras, que atinxe as intervencións da entidade a prol dos antigos camiños veciñais, hoxe estradas provinciais. Contén principalmente expedientes relacionados coa licitación e seguimento das obras executadas.

Pola súa parte, a Cartoteca Provincial pon a disposición dos investigadores unha interesante colección de mapas relacionados coa provincia. Entre eles atópanse imaxes de gran calidade das distintas follas da *Carta Geométrica* de Domingo Fontán, principal ferramenta para o coñecemento da rede de camiños de Galicia durante o Antigo Réxime.

Arquivo Municipal de Santiago

Co fondo histórico trasladado ao AHUS, o arquivo actual do concello compostelán é basicamente de carácter administrativo; o seu arco cronolóxico abrangue desde a década de 1960 ata a actualidade. Lamentablemente os instrumentos de descrición dos que dispón son bastante limitados e responden a criterios de utilidade administrativa, o que dificulta moito a localización de materiais concretos.

Consultouse a colección fotográfica -ben pequena- na que se atoparon un par de pezas de interese, mais que nada, contextual, e o proxecto do actual CHUS, situado xusto enriba da antiga granxa dos Chouchiños; tamén algúns expedientes de obras na zona como a das casas do Banco do Pobre ou obras menores no lugar da Rocha.

Museo do Pobo Galego

A colección fotográfica deste museo é sempre un referente á hora de recuperar vellas imaxes de Compostela. Atopáronse alí 3 fotografías dos arredores de Conxo.

Real Academia Galega

Este arquivo ten un pequeno fondo fotográfico. Feita a consulta pertinente, descartase que haxa alí imaxes de interese.

Real Academia de Belas Artes Virxe do Rosario

Esta entidade ten un riquísimo fondo fotográfico especialmente orientado ao patrimonio historico-artístico galego. As consultas á súa base de datos resultaron infrutuosas.

Fundación Camilo José Cela

A Fundación Camilo José Cela custodia unha interesante colección de materiais relacionados coa historia do Ferrocarril Compostelán por canto a familia do escritor estivo vinculada á construción da liña e á posta en marcha da compañía. É un fondo de moito interese para o coñecemento da *The West Galicia Railway Company* pero pouco puido achegar á investigación en curso. Únicamente un plano dos perfís da liña, procedentes dun fondo de reproducións de materiais de índole ferroviaria entregado por Manuel Suárez Fuentes e cuxa procedencia é descoñecida.

Arquivos do Exército de Terra

A reforma e arranxo durante o século XVIII do camiño transversal que percorría a Galicia costeira de Norte a Sur tivo dos enxeñeiros do exército a achega técnica e loxística que precisaban. Non é raro, xa que logo, que as coleccións históricas do Exército sexan unha fonte inesgotable de coñecemento e feitos do pasado.

Nesta investigación, en concreto, foron achadas dúas pezas de singular valor e interese: senllos planos nos que se amosan os pormenores do arranxo do camiño Santiago-Pontevedra, xusto no tramo que vai da zona de Santa Marta ata o Milladoiro. Deseñan con bastante detalle o trazado antigo da vía, as modificacións feitas no trazado, as características da intervención... mesmo un bosquexo das poboacións e orografía.

Están custodiados no *Archivo Cartográfico y de Estudios Geográficos do Centro Geográfico del Ejército* e no *Instituto de Historia y Cultura Militar*. Foron solicitadas reproducións que se atopan entre os materiais anexos, sección cartografía.

Museo de Pontevedra

É ben coñecida a riqueza dos fondos de todo tipo que custodia este museo. Na súa colección está un deseño do camiño Santiago-Pontevedra que ten moito interese; é aquela datada a finais do século XVIII e que reflicte o coñecido como “Plantío de Malvar”, unha intervención de embelecemento e mantemento do camiño que sentou as bases da súa aparencia ata ben entrado o século XIX. Tamén garda outra peza relevante: o plano da liña do ferrocarril de Santiago a Carril que elaborou Thomas Rumball e que ía incorporado ao expediente de aprobación da liña dado en 1871. Na súa colección fotográfica foron identificadas tamén dúas imaxes de recente adquisición.

De todos estes materiais foron solicitadas reproducións que se atopan entre os materiais anexos, seccións cartografía e fotografía.

Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago

Desde a súa fundación no século XVIII a RSEAP é unha das entidades máis dinámicas da cidade, incansable promotora de iniciativas a prol do desenvolvemento e o ben común. Na segunda metade do século XIX, a construción do ferrocarril e a mellora das estradas foron algúns dos seus obxectivos primordiais. Custodia un importante legado documental, froito do esforzo continuado da sociedade e os seus membros; con todo non hai nela planos ou materiais de detalles relacionados co Ferrocarril Compostelán que tanto contribuíu a desenvolver.

Fundación Domingo Fontán

O inxente labor desenvolvida por Domingo Fontán ao longo da súa vida deixou tras de sí un relevante conxunto documental. Son apuntamentos, planos, esbozos etc. dos traballos preparatorios, por exemplo, da súa *Carta Geométrica de Galicia* ou dos informes sobre o ferrocarril. Por este motivo pareceu interesante contactar coa fundación familiar que custodia o seu legado; segundo os seus inventarios unicamente sería do noso interese o plano do Ferrocarril Compostelán que fixo o enxeñeiro Rumball, que está tamén no Museo de Pontevedra.

Fototeca do Patrimonio Histórico Español

Esta colección fotográfica, dependente da Secretaría de Estado de Cultura, garda unha inxente cantidade de imaxes relacionadas co patrimonio moble e inmobile de todas as rexións do estado español.

Entre os fondos relativos a Compostela non foron atopadas imaxes de interese.

Fototeca Forestal Española

Este é outro fondo de fotografía histórica bastante descoñecido sobre todo por que é moi especializado. Contén imaxes relacionadas coa xestión dos montes en todas España ao longo do século XX: explotacións forestais, labores de repoboación... Tendo en conta que boa parte da paisaxe da parroquia de Conxo estivo conformada por bosques ata tempos recentes era necesario comprobar se entre os materiais desta colección había algunha peza de interese.

Malia súa riqueza, non se atoparon imaxes relativas a esta zona.

Biblioteca da Universidade de Santiago (BUSC)

A Universidade de Santiago garda, na súa biblioteca unha moi importante colección de manuscritos e impresos relacionados coa historia galega. Alén dos habitualmente recoñecidos como os manuscritos medievais son de relevancia os impresos do século XIX e algúns papeis procedentes do arquivo da Real Sociedade Económica de Amigos del País. Entre eles resultaron acaídos para esta investigación as anotacións feitas sobre a documentación do antigo Hospicio e da Casa dos Lazarados de Santa Marta, por canto no foi posible localizar o depósito dos orixinais.

Biblioteca Nacional de España

Fixéronse buscas nas dúas coleccións dixitais desta institución. Apareceron alí sobre todo obras relacionadas coa literatura do século XIX e, concretamente, versións literarias dos sucesos acontecidos arredor da morte do bispo Don Sueiro. É especialmente interesante unha noveliña que contén interesantes ilustracións

Biblioteca de Galicia

A biblioteca dixital Galiciana é un fondo moi pouco aproveitado pero de moitísimo interese. Cartografía, impresos antigos, revistas... unha morea de documentos que abranguen todo tipo de temas.

Os mellores resultados obtivéronse na busca dentro da Hemeroteca Histórica, por canto non so se obtiveron datos sobre as distintas localidades de estudo, a transformación das vías de comunicación, etc. senón tamén algunhas imaxes de interese, como as da contorna de Vidán. A calidade das imaxes, non é todo o boa que se desexaría así que convirá localizar algúns das publicacións orixinais e facer unha copia mellor.

Arquivo do Ferrocarril

O Museo do Ferrocarril ten un interesantísimo fondo documental relacionado coa historia do tren en España. No arquivo DOCUTREN foron localizadas algunhas pezas cartográficas relacionadas co trazado da vía Santiago-Carril, que están pendentes de ser reproducidas e remitidas a Santiago.

Confederación hidrográfica-Augas de Galicia

A confederación hidrográfica Miño-Sil custodiou ata tempos recentes os expedientes relativos ao aproveitamento de boa parte dos recursos hidráulicos galegos. Á vista da intensa explotación das beiras dos ríos Sar e Sarela pareceu conveniente facer unha consulta por se houbera fondos históricos de interese. A resposta foi negativa.

Ante esta circunstancia, fíxose unha consulta similar a Augas de Galicia, que agora xestiona o conxunto de cauces menores do país. Non houbo resposta ata o momento.

Biblioteca e arquivo do Ministerio de Fomento

Aínda que en teoría os fondos históricos dos ministerios deberían estar depositados no Arquivo Xeral da Administración, é común que conserven nas sedes centrais coleccións de expedientes ben porque se trata de temas que aínda son da súa competencia ben porque non se considerou pertinente o traslado. Isto é frecuente, especialmente no caso dos ministerios como o de Fomento, cun longo percorrido histórico.

Fíxose, xa que logo, unha consulta da que estamos agardando contestación.

Servidores e bases de datos para a historia da lingua galega

O Instituto da Lingua Galega e o Centro Ramón Piñeiro teñen en marcha proxectos de investigación encamiñados a crear e manter repositorios lingüísticos que axuden na reconstrución da historia da lingua galega; son o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) e o *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA). Fixéronse buscas exhaustivas nas dúas ferramentas sen que se obtiveran resultados que incrementaran o conxunto documental dispoñible. Non pode descartarse, non obstante, a presenza de noticias relevantes na documentación que está incorporada neles por canto cada un destes *corpus* admite só buscas textuais exactas.

Os resultados

Despois de todo este esforzo, pode afirmarse que a información dispoñible relativa ao castelo da Rocha e a súa contorna foi recompilada se non na súa totalidade -sempre queda unha marxe de erro- sí na súa inmensa maioría.

Os resultados concretos, segundo o acordado contéñense no informe adxunto e no conxunto de anexos que o acompañan. Son: unha recompilación das fontes informativas

publicadas máis relevantes, a transcripción das fontes documentais inéditas máis importantes, unha pequena nota con imaxes e textos que poden resultar de interese polo seu valor comparativo e contextual e o conxunto de noticias achadas artelladas arredor dos puntos de interese acordados precedidas dunha pequena síntese interpretativa.

Como anexo a este informe inclúense arquivos electrónicos destes materiais, arquivos electrónicos das fontes informativas máis relevantes, a cartografía e fotografías recompiladas e, nunha serie de arquivos en PDF, as notas completas do traballo de arquivo, ordeadas por repositorio e fondo.

Recomendacións de futuro

O coñecemento histórico está en constante evolución e máis nestes tempos nos que se melloran cada día os instrumentos que axudan aos investigadores. Sería conveniente nun futuro, acometer:

- Pasado un prazo prudencial -3 ou 4 anos- unha busca intensiva nos catálogos automatizados dos arquivos máis importantes (ACS, AHDS, AHUS e portal PARES) coa fin de actualizar o corpus documental dispoñible. Daquela os proxectos de descrición e dixitalización en marcha terán rendido novos froitos.
- De ser posible, abrir a busca aos catálogos automatizados dalgúns arquivos que podan ser relevantes para abrir luz sobre temas concretos como a expedición de Xoán de Gante, o Condado de Altamira, os Fonseca, etc.
- Resultou imposible -e, non era obxecto desta investigación- seguir a pista e a liña xenealoxica dos posuídores do foro do lugar da Rocha ata tempos relativamente recentes. Informes confusos os poñen en relación coa casa do Rebel en Sanxenxo. Podería conservarse, ben na familia ben nalgún arquivo documentación da xestión que fixeron do lugar.
- Ao contrario das investigacións anteriores, esta puxo o foco nun ámbito máis amplo

que o propio castelo da Rocha Forte; a consecuencia máis evidente -como se verá ao ler os informes- é que o coñecemento do castelo e da súa contorna é maior, mais rico e diversificado pois foron localizados datos sobre a paisaxe en momentos tardíos, o esquema de infraestruturas e mesmo unha pequena secuencia da súa evolución, etc. Á vista disto sería recomendable nun futuro ampliar a investigación en dous temas concretos e a partir de dous enfoques diferentes:

- A construción: a lectura dos documentos do Tombo C da catedral deixa albiscar a xeografía anterior ao castelo, como tivo lugar a adquisición dos predios da contorna... Son temas que rebordan o ámbito desta investigación e que precisarían non só da aproximación documental senón tamén interpretativa. Cun foco amplo podería tratarse de clarificar algo máis as orixes concretas e remotas do castelo.
- A destrución: é un feito sabido e demostrado que hai certa relación entre o desmantelamento -sistemático e consciente- do castelo e a construción do Pico Sacro, pode que tamén doutras edificacións na cidade. A escasa documentación localizada do couto que San Martiño Pinario tiña no Pico Sacro dá a entender que esa é unha vía de investigación relevante a este respecto. O legado documental deste mosteiro e, despois do do cabido compostelán, o mais rico de Santiago e, aínda que ben estruturado non dispón de instrumentos de descrición que faciliten a navegación por algunhas das súas series. Podería ser interesante afondar nos conflitos que inevitablemente a construción da torre levou xa que poderían abrir luz sobre a cronoloxía do desmantelamento da Rocha e sobre os pormenores da súa destrución.